

PONTEATRO

OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2023
TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA



Concello
de Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

desato: ovpublidade.com | Ilustración derivada da peza de Jean-Auguste-Dominique Ingres, "Amédée-David, Conde de Pastoret" (1825-26) | The Art Institute of Chicago.



PONTEATRO

OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2023
TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2023
TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

PONTEATRO

21:00h | TEATRO PRINCIPAL

- XOV 19 OUT | MARÍA LUÍSA (Lazona Films)
- XOV 26 OUT | ARRAIANOS (Sarabela Teatro)
- XOV 9 NOV | O DEUS DO POP (Diego Anido)
- XOV 16 NOV | A NAI (Amorodio Teatro)

Venda anticipada ata esgotar as localidades en:

Ataquilla.com

PREZO: 8,00€ (4,00€ reducida) máis gastos

ABONO: 25,00€ máis gastos

Venda anticipada en www.ataquilla.com | Prezo por función **8,00 €** máis gastos - Estudantes, parados e xubilados **4,00 €** máis gastos - **ABONO: 25,00 €** máis gastos.
As entradas de prezo reducido pódense comprar por medios telemáticos, pero só se poden retirar na billeteira acreditando a condición de beneficiario.
En caso de non esgotarse as entradas en venda anticipada, a billeteira do Teatro Principal abrirase unha hora antes do comezo do espectáculo.
Este programa é meramente informativo e a programación pode sufrir variacións por causas alleas á organización.
Consulta a información actualizada na web: <https://cultura.pontevedra.gal>

21:00h | TEATRO PRINCIPAL



XOVES 19 OUT

MARÍA LUISA

Lazona Films

María Luisa é unha muller entrada en anos que vive soa, independente e que goza da vida. Unha conversa casual co porteiro da casa é o detonante para unha sucesión de escenas que, con moito humor e un ton entrañable, permítenos descubrir de preto o mundo desta curiosa señora. Con esta obra recentemente escrita, Juan Mayorga debuta na Abadía tras asumir a dirección artística desta casa. Unha comedia sobre a soitude, sobre a vellez, e sobre os difusos límites entre a realidade e a imaxinación.

Texto orixinal: Juan Mayorga

Dirección: Juan Mayorga. **Elenco:** Lola Casamayor, Juan Codina, Paco Ochoa, Juan Paños, Marisol Rolandi e Juan Vinuesa. **Duración:** 100´



XOVES 26 OUT

ARRAIANOS

Sarabela Teatro

Na fronteira, liña invisible entre a Galiza interior e o norte de Portugal; de brétema, chuvia, neve onde se funden a realidade e a ficción; a vida e a morte. Entre o misterio e os impulsos da terra. Entre o ser humano e as forzas da natureza. Entre o poético e o mítico, alén da xeografía. No límite da fantasía.

En ARRAIANOS, Ferrín crea un novo mundo mítico, a Raia, con 10 relatos literarios dos que nós eliximos e transformamos en escénicos dous: MEDIAS AZUIS e LOBOSANDAUS.

Texto orixinal: Xosé Luís Méndez Ferrín

Dirección: Ánxeles Cuiña Bóveda. **Elenco:** Fernando Dacosta, Fina Calleja, Elena Seijo, Sabela Gago, Fran Lareu, Fernando González, Vadim Yukhnevich. **Duración:** 70´



XOVES 9 NOV

O DEUS DO POP

Diego Anido

Tras 25 anos de creación contemporánea, Diego Anido presenta unha autobiografía de carácter fantástico a medio camiño entre a súa vida na Galicia dos 80 e a dunha estrela do pop americana. Desde a tenrura e o humor absurdo, reflexiona sobre como cada persoa crea un relato para conformar a súa identidade coas vivencias pasadas e desexos futuros.

Texto e dirección: Diego Anido. **Elenco:** Diego Anido. **Duración:** 90´



XOVES 16 NOV

A NAI

Amorodio Teatro

Anos 40. Tres irmás. Unha ruta de escape. Unha historia que merece ser contada.

A Nai é un espectáculo multidisciplinar, que emprega ferramentas do teatro documento e da autoficción, sen perder nunca o sentido do humor. A peza explora, a través das figuras das irmás Lola, Julia e Amparo Touza, e as súas fazañas como salvadoras dunha cantidade estimada de 500 persoas durante o Holocausto, a posibilidade de sermos mellores persoas en tempos de degradación moral.

• Premio Luisa Villalta 2022 da Deputación de Coruña a proxectos pola igualdade

Idea orixinal: Amorodio Teatro. **Dirección:** María Bañobre. **Elenco:** Carmen Facorro, Javier Castiñeira, Raquel Velasco. **Duración:** 100´

